




A Coruña



Cidade Vella
un paseo de
historia e vida

A Coruña



A CORUÑA ESTÁ SITUADA SOBRE UNHA PENÍNSULA ENTRE O OCÉANO ATLÁNTICO E AS RÍAS ALTAS QUE CONFORMAN O GOLFO ÁRTABRO, POLO QUE FOI CHAMADA, NA ÉPOCA ROMANA, MAGNUS PORTUS ARTABRORUM, O GRAN PORTO DOS ÁRTABROS

TAMÉN É COÑECIDA NA ACTUALIDADE COMO A CIDADE DE CRISTAL, POLOS SEUS IMPRESIONANTES EDIFICIOS DE GALERÍAS ACRIALADAS, OU COMO A CIDADE HERCULINA, DEBIDO ÁS LENDAS VENCELLADAS AO FARO MÁIS ANTIGO DO MUNDO EN FUNCIONAMENTO, A TORRE DE HÉRCULES, DECLARADO POLA UNESCO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

Imprescindibles


A Praza de María Pita



B Paseo da Mariña e Castelo de San Antón




C Igrexa de Santiago



D Xardín de San Carlos



E Praza de Santa Bárbara



F Colexiata de Santa María





- 1 Praza de María Pita
- 2 Rúa María Barbeito
- 3 Rúa de Santiago
- 4 Praza da Constitución
- 5 Rúa Príncipe
- 6 Rúa Santo Domingo
- 7 Xardíns de San Carlos
- 8 Rúa da Mestranza
- 9 Rúa Isabel Zandal
- 10 Praza de Santo Domingo
- 11 Praza de Santa Bárbara
- 12 Rúa das Ferrarías
- 13 Rúa das Donas
- 14 Praza do Xeneral Azcárraga
- 15 Rúa dos Anxos



A Coruña

Cidade Vella

A CORUÑA ESTÁ SITUADA SOBRE UNHA PENÍNSULA ENTRE O OCÉANO ATLÁNTICO E AS RÍAS ALTAS QUE CONFORMAN O GOLFO ÁRTABRO, POLO QUE FOI CHAMADA, NA ÉPOCA ROMANA, MAGNUS PORTUS ARTABRORUM, O GRAN PORTO DOS ÁRTABROS


TAMÉN É COÑECIDA NA ACTUALIDADE COMO A CIDADE DE CRISTAL, POLOS SEUS IMPRESIONANTES EDIFICIOS DE GALERÍAS ACRISTALADAS, OU COMO A CIDADE HERCULINA, DEBIDO ÁS LENDAS VENCELLADAS AO FARO MÁIS ANTIGO DO MUNDO EN FUNCIONAMENTO, A TORRE DE HÉRCULES, DECLARADO POLA UNESCO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

Comezamos a nosa ruta na **praza de María Pita** ¹, no centro da cal contemplamos o monumento de homenaxe á heroína local que lle dá nome por ter defendido a cidade fronte ás tropas do corsario inglés Francis Drake, a finais do século XVI.

A praza está presidida polo edificio modernista do **CONCELLO**, que foi inaugurado en 1927 polos reis Afonso XIII e Vitoria Uxía. Na súa fachada apréciase a representación das catro alegorías das provincias galegas cos seus respectivos brasóns. Sobre elas, dúas matronas sosteñen o escudo da Coruña,

coa Torre de Hércules, baixo a que descansan os restos de Xerión, o coloso antiheroe grego derrotado por Hércules. A torre está rodeada de cunchas de vieira e coroada polo libro da Constitución. No seu interior pódense visitar o Museo de Reloxos e algunhas das súas dependencias.

Aquí débémolles render homenaxe a quen chegou a ser alcalde da Coruña hai un século D. Manuel María Puga y Parga, coñecido como «Picadillo», ilustre gastrónomo que facía as delicias dos coruñeses coas súas receitas que aparecían publicadas no periódico local ou en afamados libros como *La cocina práctica*, *Vigilia reservada: minutas y recetas*



P. ANTERIORES Casa Rei, dársena

PÁXINA OPOSTA Praza de María Pita

DEREITA Indicador do Meridiano no chan da praza



ou *36 maneras de guisar el bacalao*. En parte podemos achacar a ese amor pola cociña que chegase a pesar uns 270 quilos, segundo as crónicas da época. Os amantes da cociña poderanse levar de recordo algún dos seus receitairos, que atoparán nas librarías da cidade.

O pavimento da praza de María Pita está atravesado por unha liña de aceiro, encadrada por dous fitos do século XIX, que sinala



o meridiano da Coruña e sitúa a cidade no globo terráqueo.


Nos baixos dos edificios que arrodean a praza, sostidos por harmoniosos arcos de pedra, ábreanse numerosos bares e restaurantes con terrazas acristaladas. É o lugar perfecto para gozar da grandiosidade do conxunto arquitectónico e do acolledor ambiente da cidade. A oferta gastronómica é do máis variada, dende os establecementos que ofrecen cociña tradicional, ata as novas propostas que fusionan o oriental e o galego. Mención especial merece [Cambalache](#), que abriu as súas portas hai case corenta anos, coñecido por ser un dos primeiros restaurantes especializados en pizza de Galicia. Hoxe conta con trece locais repartidos pola comunidade nos que ofrece unha carta

ARRIBA Panorámica da Marina
ABAIXO Detalle da Casa Rei

baseada en pizza artesá, pasta fresca, ingredientes de proximidade e mozzarella galega.

Saímos da praza de María Pita pola **rúa María Barbeito** 2 e atopámonos cunha panorámica da Avenida da Mariña, na que destacan as afamadas galerías que lle deron á Coruña o sobrenome de [CIDADE DE CRISTAL](#). Construídas no século XIX a imitación do castelo de popa dos galeóns, as galerías –de madeira e cristal– formaban unha cámara térmica que protexía da chuva e do frío, permitindo ver o exterior de forma resgardada. Algunhas teñen máis de 25 metros de galería continua, son as traseiras dos edificios as fachadas dos cales dan á rúa Rego de Auga e a praza de María Pita. Entre as galerías entremétese o chamado «dente de ouro», nome co que os coruñeses bautizaron ao único edificio sen galerías que destaca entre a branca «dentadura» do resto das construcións.

En fronte está a dársena da Mariña, antigo peirao de pesca de baixura, e hoxe ocupado



maioritariamente por embarcacións de recreo. Encadran o conxunto o [REAL CLUB NÁUTICO DA CORUÑA](#) e o acristalado [PAZO DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS \(PALEXCO\)](#). Este edificio, catalogado como un dos tres mellores palacios de congresos do mundo no ano 2006, foi deseñado polos arquitectos César Portela e Ricardo Bofill.

Dende este punto podemos contemplar dúas auténticas xoias do modernismo coruñés, a [CASA REI](#), realizada por Julio Galán en 1911, que fai esquina coa praza de María Pita, e a [CASA MOLINA](#), executada por Rafael González Villar en 1915, con inspiracións italianizantes a base de grilandas colgantes. Nos baixos atópase a [XEADARÍA PUERTA REAL](#), firma coruñesa especializada en xeados artesás elaborados con leite fresca galega e produtos

ARRIBA Igrexa de Santiago
ABAIXO Pazo de Exposicións e Congresos



100% naturais, sen colorantes, nin conservantes, nin aromatizantes artificiais.

O noso percorrido continúa pola **rúa de Santiago** [3](#), onde nos atopamos con [BERBIRIANA LIBROS E GROLOS](#), unha fusión de bar e librería que ofrece aos seus clientes unha colección de infusións, cervexas artesás, cafés, viños e zumes naturais que se poden disfrutar folleando libros ou consultando o seu extenso catálogo de cómics, contos e relatos.

Dende o adro da igrexa de Santiago, pódese ver a casa onde residiu a escritora Emilia Pardo Bazán, hoxe [CASA MUSEO E SEDE DA](#)

[REAL ACADEMIA GALEGA](#), o primeiro presidente da cal foi Manuel Murguía, gran intelectual galeguista e esposo de Rosalía de Castro. Para visitala teremos que acceder pola veciña rúa Tabernas. Na Coruña, moitos negocios chámanse Marinada, en lembranza do nome que lle deu Emilia Pardo Bazán á cidade na súa obra literaria.

Aquí mesmo, na rúa do Parrote nº 8, [La Florería](#) abre no ano 2007 un precioso espazo de «artesanía agrícola» onde admirar as súas

PÁXINA OPOSTA Atrio da igrexa de Santiago
ABAIXO Casa Museo de Emilia Pardo Bazán





decoracións florais adaptadas a cada estación. Escoller, mercar e agasallar flores convértese aquí nunha marabillosa sensación.

A IGREXA ROMÁNICA DE SANTIAGO, do século XII, aínda que moi remodelada, é o segundo monumento máis antigo da cidade. Dende aquí parten os peregrinos que realizan o Camiño Inglés cara a Compostela, polo que non é de estrañar que nas inmediacións atopemos alusións ao Camiño de Santiago en placas, marcos ou fitos. No seu interior non faltan as imaxes de Santiago, representado como cabaleiro ou peregrino. O púlpito pétreo acolle motivos decorativos vinculados á peregrinación, como cunchas de vieira, a cruz de Santiago, a cabaza... Antes de abandonar o templo, paga a pena ver dúas tallas que reflicten a humana maternidade da Virxe María: nas advocacións da Virxe do Leite, na que aparece sedente, dándolle de mamar ao Neno Xesús, e da Virxe do O, na que se presenta grávida, acarriando o seu ventre e á que acoden algunhas devotas en busca dun bo parto



ou coa esperanza de quedar preñadas.

Fronte á portada norte, [Wombat decor](#) ofrecen mobles polícromos, cadros orixinais, artigos de decoración, xabóns naturais ou téis orgánicos. A inspiración para a selección das pezas está tomada do estilo australiano, grazas ao cal podemos transformar o noso fogar nun paraíso de cor e beleza.

Dende a cabeceira da igrexa dirixímonos á **praza da Constitución** ⁴, na que se atopa o PAZO DE CAPITANÍA, unha construción neoclásica de finais do século XVIII que se financiou, en parte, coa recadación dun marabedí

PÁXINA OPOSTA Mirador do Xardín de San Carlos
ARRIBA La Leonesa
ABAIXO Fundación Luis Seoane



por cada azume de viño que se producía en Galicia. Este pequeno e fermoso edificio pódese visitar e nel destaca o [CORREDOR DOS ESPELLOS](#) e o [SALÓN DO TRONO](#).

A escasos metros, o nobre edificio do vello consulado francés sitúase na rúa máis curta de Europa, A Rexa Dourada, que só mide o ancho do edificio, polo que non adoita aparecer en ningún rueiro ou mapa.


Na esquina coa [rúa Príncipe](#) ⁵ atopámonos con [El Bajo de Amalia](#), un bar con máis de 50 anos de antigüidade, onde os días soleados se pode gozar dunha das terrazas máis animadas da zona vella para tomar un aperitivo. Este local está situado nos baixos da casa natal de Francisca Herrera Garrido,

PÁXINA OPOSTA Pazo de Cornide
ARRIBA Praza de Santo Domingo
ABAIXO Praza de Santa Bárbara

a primeira muller que, en 1945, foi elixida membro de número da Real Academia Galega. Lindeira, no nº 3 da rúa Príncipe, outra placa rememora onde residiu a gran poetisa Rosalía de Castro. Lembremos que cada 17 de maio, dende 1963, se conmemora o Día das Letras Galegas, data elixida en homenaxe ao centenario da publicación dunha das súas obras máis significativas: Cantares Galegos.

Un pouco máis arriba, xa no nº 2 da [rúa Santo Domingo](#) ⁶ está a [Xamonaría La Leonesa](#), outro establecemento con tradición, xa que abriu as súas portas en 1967, e cuxa marca de identidade son os xamóns que colgan do teito como manda a tradición, o cal non deixa de sorprenden aos visitantes estranxeiros.

ola rúa Tinallas e tras atravesar o edificio do Arquivo do Reino de Galicia, chegamos aos [Xardíns de San Carlos](#) ⁷. Agárdanos aquí o [MONUMENTO FUNERARIO A SIR JOHN MOORE](#), que nos fai rememorar a Batalla de



Elviña, encadrada nas Guerras da Independencia de 1809. Dende os miradoiros ofrécesenos unha das mellores vistas do porto coruñés. Entre as construcións históricas que podemos contemplar, está o renacentista Castelo de San Antón, hoxe sede do Museo Arqueolóxico. A modo de anécdota, cabe mencionar que o castelo foi construído no século XVI con parte das pedras da Torre de Hércules, que entón se atopaba en estado de abandono. Recomendamos a visita para os que desexen descubrir a historia do castelo, da cidade e de Galicia.

A ruta continúa pola [rúa da Mestranza](#) ⁸ ata o miradoiro dos xardíns do mesmo nome, onde nos sorprende o dique [BARRIÉ DE LA MAZA](#), con máis dun quilómetro de lonxitude, que alberga o dobre cubo acristalado da [TORRE DE CONTROL MARÍTIMO](#). Tamén observamos a curiosa cuberta —coa forma das velas dun barco— do [CENTRO OCEANOGRÁFICO](#); o lateral do [REITORADO](#) da Universidade e, nas inmediacións, a [IGREXA DA VENERABLE ORDE TERCEIRA](#), e o [MUSEO MILITAR](#). Moi preto atópase a [FUNDACIÓN LUÍS SEOANE](#), museo depositario da obra dun dos mellores artistas plásticos das vangardas do século XX e que paga a pena visitar.

A poucos pasos atopamos [La Dormilona](#), unha tenda especializada para os amantes do pádel, onde podemos adquirir, non só o equipamento necesario, senón ademais,



recibir asesoramento sobre os artigos axeitados en función do nivel de cada xogador.

Regresamos á cidade vella pola [rúa Isabel Zendal](#) ⁹, que foi, segundo a OMS, a primeira enfermeira da historia en misión internacional, cando participou na expedición Balmis, que en 1803 partiu do porto coruñés levando a vacina da varíola a terras de ultramar (América e Filipinas). Isabel Zendal fíxose cargo dos 22 nenos do hospicio da Coruña aos que se lles inoculou a vacina, sendo este o único método de conservación durante unha viaxe tan longa.


E enlazamos coa rúa San Francisco nº 2, onde o ceramista Alejandro Roig nos recibe no seu obradoiro [Arobe Cerámica](#), un lugar de fabricación, exposición e venda. Ten catálogo propio con máis de 200 creacións de cerámica utilitaria e pezas inspiradas na natureza a base de motivos vexetais tradicionais de Galicia. Ademais podemos sorprenden-



delo en pleno proceso creativo ou dando clases.

Dende aquí achegámonos á **praza de Santo Domingo**¹⁰, presidida pola IGREXA BARROCA homónima, no interior da cal se venera á patroa da cidade, a Virxe do Rosario. Como dato curioso podemos indicar que a fachada e a torre están en planos diferentes o cal lles confire un carácter especial.

Continuaremos o noso itinerario pola **praza de Santa Bárbara**¹¹, un dos recunchos máis sobrios e románticos da cidade. As fiestras enreixadas descúbrenos o CONVENTO DE CLAUSURA DAS MADRES CLARISAS, fundado no sitio da antiga capela de Santa Bárbara, grazas a unha bula do papa Alexandre VI promulgada no ano 1494. A portada está ornada co que, para algúns, é parte dunha lápida sepulcral medieval. Nela represéntase a Cristo Crucificado e a Deus Pai, flanqueados polo sol e a lúa, e acompañados por Santiago Apóstolo, san Francisco, san Domingos e o arcanxo san



Miguel, que nas súas mans porta a balanza para a pesada das almas, aludindo claramente ao tema do Xuízo Final. Na portería temos a opción de mercar pastas e «cocadas», doces de elaboración artesanal que preparan as monxas dende hai séculos, achegando así o noso gran de area para o mantemento e conservación do patrimonio conventual.

Se saímos da praza pola **rúa das Ferrarías**¹², pasaremos por diante da CASA-MUSEO DE MARÍA PITA, onde viviu a heroína coruñesa. Unha visita ao seu interior descubriranos curiosos aspectos da súa azarosa vida, así como a historia previa e posterior ao asedio inglés..

A escasos metros, está a COLEXIATA DE SANTA MARÍA DO CAMPO (dos séculos XII ao XIV), que


PÁXINA OPOSTA Colexiata de Santa María do Campo
ARRIBA Escudo do Pazo do Marqués de Camarasa
ABAIXO Fonte do Desexo na praza do Xeneral Azcárraga



nos recibe cun espigado cruceiro con fuste de case seis metros de altura e tallado nunha soa peza, está considerado o segundo máis alto de Galicia, xa que suma en total oito metros. A portada principal da igrexa representa, no tímpano, a escena da Epifanía, inspirada con seguridade na obra do Mestre Mateo. No seu coqueto interior podemos ver a curiosa inclinación dos piares e unha espléndida obra de prataría. Paga a pena visitar tamén o anexo [MUSEO DE ARTE SACRA](#). Entre as pezas que alí se expoñen, destacan a arqueta e a custodia ofrendadas no século XVII pola raíña María Ana de Neoburgo; o relicario de San Clemente ou as custodias de Ferrol e de Sobrado, todas elas obras mestras de ourivería.

En fronte dispónse o [PAZO DE CORNIDE](#) do século dezaioito, con aires de palacio francés e rematado co escudo familiar. Se bordeamos o edificio pola rúa Porta de Aires, na esquina coa rúa da Amargura, chegaremos a [2 martelos](#), onde dan unha nova vida aos obxectos antigos, dotándoos de carácter propio. Teñen á venda mobiliario reciclado, obxectos de decoración, téxtil para o fogar ou complementos.

Un pouco máis adiante, en Campo da Estrada nº 2, atopámonos con outro negocio singular: [Bazzart](#). Trátase dunha galería de



arte con cabida para todos, onde se poden encontrar dende obras de artistas consagrados ata os traballos de novos talentos.

Volvemos sobre os nosos pasos para continuar o noso percorrido pola **rúa das Donas** ¹³, así chamada en honor de dona Sancha e dona Doce, fillas do rei Afonso IX de León e Galicia, que no ano 1208 mandou repoboar e reconstruír a vila da Coruña con privilexios e foros reais.

Mentres descendemos encontrámonos co [PAZO DO MARQUÉS DE CAMARASA](#), edificado no século XVI. Máis tarde pasaría a mans do marqués de Montaos, que o houbo de entregar á Real Facenda polas débedas que tiña pendentes. Sen dúbida o seu visitante máis

PÁXINA OPOSTA María Pita desde porta de Aires

ARRIBA Na ruta atopamos numerosos restaurantes onde disfrutar da gastronomía local.



ilustre foi o rei Carlos I, que se aloxou nel antes de partir dende o porto coruñés para ser coroado, en 1520, como emperador Carlos V do Sacro Imperio Romano Xermánico.

E chegamos á **praza do Xeneral Azcárraga** ¹⁴, coñecida antigamente como praza da Fariña, xa que noutra época acolleu o mercado de gran. É un dos recunchos máis especiais da cidade vella, que nace no século XIX evocando os modelos de xardíns do romanticismo inglés. No centro, entre freixos, magnolios e plataneiros sitúase [A FONTE DO DESEXO](#), con catro canos dos que se abastecían de auga os militares, os presidios e os veciños da cidade, pois a fonte tiña saídas de auga reservadas para cada colectivo..

Descendemos pola **rúa dos Anxos** ¹⁵ e facendo esquina coa rúa Capitán Troncoso atópase [Tierra de Fuego](#) que se amosa coma un lugar luminoso e colorido cun enorme repertorio de lámpadas, cerámica, pezas de forxa, espellos, bixutería e xoiaría con inspiración mariña.

Se subimos pola rúa da Nosa Sra. do Rosario, á altura do nº 11 chegamos a [Bomoble](#) que nos ofrece mobles de autor, personalizados e á medida, xa que os fabrican eles mesmos. Aproveitan o espazo para exhibir pintura e escultura de diferentes artistas

converténdose así nunha pequena galería de arte.

Ao longo desta ruta fomos deixando numerosos bares, restaurantes e cafés onde facer un alto no camiño e gozar dun agradable momento de descanso. Tamén atopamos anticuarios, onde achar verdadeiros tesouros e obras de arte, coma [Elvira Mas](#), na rúa da Zapatería, ou [Juan Olives Orrit](#), na rúa das Donas nº 6, que, segundo algúns, é a casa máis vella da Coruña, datada en 1217. Estes conviven con tradicionais panadarías, floriarías, tendas de comestibles, de artesanía ou de recordos que fan da cidade vella un lugar ideal para o paseo e o lecer.



A Torre de Hércules


O monumento máis emblemático da cidade é, sen dúbida, a [TORRE DE HÉRCULES](#). Obra realizada polo arquitecto Caio Servio Lupo, no século I, é -con 2 000 anos de historia-, o faro máis antigo do mundo en funcionamento. Foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 2009. Aínda que o seu aspecto exterior foi cambiando ao longo da historia, o interior é na súa maior parte o orixinal. O faro romano tiña unha rampla que circunvalaba o seu perímetro exterior. Hoxe presenta un revestimento neoclasicista, realizado no século XVIII por Eustaquio Giannini e acada 59 metros de altura. Creouse ao seu arredor un parque escultórico ao aire libre con obras de artistas de sona internacional coma os [MENHIRES](#) de Manolo Paz, o [CARONTE](#) de Ramón Conde, a [BUGUINA](#) de Moncho Amigo, a [ROSA DOS VENTOS](#) de Correa Corredoira... Son máis de quince esculturas que embelecen un lugar único, onde o mar continúa a ser o protagonista. Percorrelo resulta un verdadeiro pracer para os sentidos..


Para chegar ata a Torre de Hércules recomendamos unha camiñada polo [PASEO MARÍTIMO](#) que, con máis de 13 km de lonxitude, é o máis extenso de Europa. Ao longo do percorrido iremos gozando dos farois, cos 1 200 esmaltes da artista Julia Ares. Lindando co paseo está o [CEMITERIO DE SANTO AMARO](#), incluído no ano 2013 na Ruta de Cemiterios Europeos. Este cemiterio, situado fronte ao

mar, pódese percorrer seguindo catro rutas: o Itinerario dos creadores, historiadores e científicos (onde se atopan as tumbas de Pondal, Curros Enríquez e Wenceslao Fernández Flórez), o Itinerario dos políticos, os militares e os soños da Coruña, o Itinerario dos segredos de Santo Amaro e o Itinerario artístico..

Pasada xa a Torre de Hércules atopámonos co [AQUARIUM FINISTERRAE](#), chamado polos coruñeses a Casa dos Peixes, na sala Maremágnun do cal poderemos descubrir case

PÁXINA OPOSTA Torre de Hércules
ABAIXO Solpor na praia do Orzán





todo acerca do noso mar. Despois a [DOMUS](#), obra do arquitecto xaponés Arata Isozaki e primeiro museo interactivo do mundo dedicado ao funcionamento do corpo humano. Deseguido, as [PRAIAS DE RIAZOR E DO ORZÁN](#), que tódolos anos se iluminan con infinitas cacharelas na noite máxica de San Xoán, festa declarada de Interese Turístico Internacional. E ao final, o Pazo dos Deportes de Riazor, obra de Santiago Rey Pedreira, e o seu estadio municipal de fútbol, onde xoga o [REAL CLUB DEPORTIVO DA CORUÑA](#). Continuando polo paseo chegamos ata o [MUNCYT](#) (Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía), un cubo semitransparente galardoado co Premio Nacional de Arquitectura Nova.

Pouco despois chegamos ao [MILLENIUM](#), o obelisco acristalado máis alto do mundo.

Para rematar o noso percorrido, nada mellor que subir ao [MONTE DE SAN PEDRO](#), onde as vellas instalacións militares foron convertidas en lugar de lecer e dende o que se poden contemplar as mellores vistas da cidade (a ría da Coruña, o golfo Ártabro e o océano Atlántico). Se queremos maridar as espléndidas panorámicas coa alta gastronomía galega, nada mellor que entrar no restaurante [Árbore da Veira](#), galardoado cunha estrela Michelin en 2021.

ARRIBA Museo interactivo Domus

ABAIXO Aprendendo xogando no Aquarium Finisterrae



Outras guías relacionadas





galicia